

## ASTRONOMÍA: RECURSOS PARA O ENSINO DAS CIENCIAS

**VEIGA ALONSO, Xosé Dosíteo**

*Dirección de Proxectos*

*[Altega - Educación e Lecer]*

Un repaso somero a materiais, recursos, técnicas e lugares que aproveitan o interese natural dos escolares pola astronomía e o espazo. Entre os materiais, algúns dos recursos web máis interesantes (especialmente en inglés). Programas informáticos como Stellarium (planetario virtual) e Celestia (simulador espacial), dispoñibles en Abalar. Actividades como fabricación dun espectroscopio caseiro, simulación de impactos de meteoritos, elaboración de instrumentos astronómicos, construción dun sistema solar a escala. Colaboración a través de Internet en proxectos de medición da contaminación lumínica como “Globe at Night”. Visita a un observatorio astronómico profesional (Observatorio Ramón María Aller da USC ou Observatorio de Forcarei). Puntos de interese astronómico en Galicia: reloxos solares, petroglifos con aliñacións astronómicas e o albergue dos Biocos.